

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 8 DE XANEIRO DE 2020.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día oito de xaneiro de dous mil vinte; as doce horas e dez minutos da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don César Manuel Fernández Gil.- Concelleiros: Dona María Luz Expósito Pérez, dona Yolanda Gómez Gómez, dona Clara Loeda Soto.

Está presente o Secretario do concello, don Francisco Fernández Castro.

Está presente o Interventor do concello, D Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado trinta de decembro do dous mil dezanove (ordinaria), coa seguinte corrección de erros ao abeiro do artigo 109.2 da LPAC na xeración de créditos núm 22/2019 o importe correcto é de 2.208,12 euros non de 2.554,34 euros como figuraba por erro.

2.- OBRAS MAIORES.-

licenza de reparcelación RIB/C/176.1/19 2037/2019

Vista a solicitude presentada por don Enrique Munin Alonso e dona Virgina Cuiñas López de licenza de parcelación na parcela con referencia catastral 32070A021001150000YG, estrada OU-302, Esposende Ribadavia.

Consta no expediente:

Documentación técnica “ Proyecto de Parcelación” redactado polo arquitecto don Francisco Javier Estévez Cerdeira.

-Resolución sobre actuación que afecta ao contorno de protección dun ben incluído no catálogo do Patrimonio Cultural da Xefatura Territorial Servizo de Xestión Cultural , Consellería Cultura e Turismo.

-Resolución da Presidencia da Deputación autorizando por ubicarse na marxe dereita, zona de afección da estrada provincial OU-0302 Esposende Cenlle km o hm 74.

-Informe favorable da arquitecta municipal de data 2 de xaneiro de 2020.

-Informe do secretario municipal de data 3 de xaneiro de 2020..

PARCELA MATRIZ

Parcela con referencia catastral 32070A021001150000YG , ten unha superficie de 8.579,72 m² (en catastro a superficie é de 8.475 m²) A superficie construída é de 425,63 m².

AS PARCELAS RESULTANTES SON:

PARCELA A Superficie: 2.141,42 m² Fronte de parcela a vial público:242,93 m² Superficie construída: 242,93 m².

PARCELA B Superficie : 6.438,30 m² Fronte de parcela a vial público: 50,71m Superficie construída: 182,70 m².

A xunta de goberno acorda:

1º Conceder licenza de parcelación sobre a parcela inicial coas seguintes características:

Parcela con referencia catastral 32070A021001150000YG , ten unha superficie de 8.579,72 m² (en catastro a superficie é de 8.475 m²) A superficie construída é de 425,63 m².

2º Aprobar a realización do seguinte parcelamento:

PARCELA A Superficie: 2.141,42 m² Fronte de parcela a vial público:242,93 m² Superficie construída: 242,93 m².

PARCELA B Superficie : 6.438,30 m² Fronte de parcela a vial público: 50,71m Superficie construída: 182,70 m².

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.

Escrito presentado por dona María Teresa Rodríguez Estévez, concelleira do BNG, con rexistro de entrada no concello de 30 de decembro de 2019 no que expón:

Adif ven de facer pública a súa intención de eliminar o servizo de atención ó público e mías a venda presencial de billetes na estación de tren de Ribadavia.

Consideramos que esta medida vai degradar aínda máis a nosa estación, punto de referencia do transporte público na nosa comarca.

E solicita:

Que dende o concello se inste:

- 1 Á xunta de portavoces a pronunciarse sobre a perda deste servizo.
- 2 Á Xunta de Galicia a demandar do goberno central o mantemento do servizo de atención ó público e venda de billetes de tren da estación de Ribadavia.
- 3 Á Xunta de Galicia a que garanta os dereitos da nosa veciñanza en canto consumidores dun servizo público , en especial a atención horaria suficiente tendo en conta as liñas que atravesan a nosa estación.
- 4 A emprender accións conxuntas con outros concellos afectados.

A xunta de goberno acorda comunicar que o alcalde do concello ,de forma conxunta co alcalde de O Carballiño, ten remitido unha carta defendendo a permanencia do servizo .Asemade acorda dar traslado da devandita carta.

Escrito presentado polo Grupo Municipal de Ribeiro en Común , con rexistro de entrada no concello de 30 de decembro de 2019 , no que expón:

En relación coa situación da obra que leva tempo parada no Castro de San Paio, así como, da situación da obra en Sanín.

Solicita:

- 1 Información e prazos fidedignos das mesmas.

A xunta de goberno acorda comunicar que a obra no Castro de San Paio está pendente de que Aqualia realice as acometidas.

Escrito presentado polo Grupo Municipal de Ribeiro en Común , con rexistro de entrada no concello de 30 de decembro de 2019 , no que expón:

En relación coa situación de parálise que sofre a actuación no campo do Xestal , así como das beirarrúas de Francelos;

Solicita:

- 1 Xuntanza dos grupos municipais para abordar a preocupante situación na que se atopan.

- 2 Información e prazos fidedignos das mesmas.

A xunta de goberno acorda tomar coñecemento.

Escrito presentado polo Grupo Municipal de Ribeiro en Común , con rexistro de entrada no concello de 30 de decembro de 2019 , no que expón:

En relación co estado do padrón municipal no peche do ano 2019, despois de ter ido a pleno reiteradas veces e ter sido solicitada a convocatoria dunha comisión de todos os grupos , sendo ambas ignoradas polo actual goberno municipal;

Solicita:

1 Datos oficiais cuantitativos do padrón municipal actual, incluíndo altas e baixas do mesmo neste exercicio.

2 Reiteramos a convocatoria dunha Comisión Municipal , con presenza de todos os grupos municipais , para abordar o estado do padrón municipal, previa realización dun informe técnico da súa situación actual.

As cifras do padrón municipal a 31 de decembro de 2019 , e pendentes de computar as baixas, co cal non ten carácter definitivo nin oficial eran de 5.034 habitantes. Respecto ás altas e baixas , dado que son resolucións de alcaldía, figuran no punto segundo das sesións ordinarias do pleno de dación de conta das resolucións de alcaldía ditadas dende o último pleno.

Escrito presentado polo Grupo Municipal de Ribeiro en Común , con rexistro de entrada no concello de 30 de decembro de 2019 , no que expón:

En relación coa situación de risco e abandono na que se encontra a ponte medieval da Veronza, e despois de que o noso grupo solicitara en numerosas ocasións que se tomen medidas para evitar que o seu deterioro aumente con cada novo temporal, como o que vimos de padecer nas últimas semanas:

Solicita:

Que se tomen medidas urxentes para frear o rápido deterioro desta ponte tan emblemática

Que se leven a cabo os contactos con outras Administracións e as xestións municipais precisas para acometer a súa restauración.

A xunta de goberno acorda tomar coñecemento.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

Resolución de cualificación definitiva das actuacións do programa de Rexeneración e renovación urbana do Plan Estatal 2013-2016 , solicitante don Manuel González Rodríguez , edificio ou vivenda obxecto de rehabilitación Porta Nova de Arriba 21.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

Contrato menor do servizo de madrugadores 2020.

Sendo imprescindible para a prestación do servizo de madrugadores acudir á contratación ao carecer o concello dos medios necesarios.

De conformidade co establecido no artigo 116.4.f) da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público ,queda acreditado que non existen medios no concello para proveer o necesario.

En exercicio de competencia delegada nesta Xunta de goberno por Decreto de Alcaldía de 19 de xuño de 2017.

Vista a Lei 9/2017 de contratos do sector Público:

118.1 Se consideran contratos menores os de valor estimado inferior a 40.000 euros , cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministros ou de servizos. Nos contratos menores a tramitación do expediente esixirá o informe do órgano de contratación motivando a necesidade do contrato. Asemade, se requerirá a aprobación do gasto e a incorporación ao mesmo da factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que establezcan as normas de desenrolo de esta lei.

118.3 No expediente xustificarse que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación de regras xerais de contratación , e que o contratista non teña subscrito máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra que consta no apartado primeiro de este artigo, O órgano de contratación comprobará o cumprimento de esta regra.

118.4 Os contratos menores publicaranse na forma prevista no artigo 63.4.

131.3 Os contratos menores poden adjudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación.

29.8 Os contratos menores non poden ter unha duración superior ao ano nin ser prorrogados.

Considerando que no presente exercicio orzamentario, non se ten subscrito ningún contrato con este obxecto coa empresa.

Contratar con Centro de Enseñanza Bolboretas , por un importe total ,IVE engadido de 6.344,65 euros.

Aprobar o gasto por importe de 6.344,65 euros con cargo ao vixente orzamento.

A realización da prestación correspondente aos meses de setembro a decembro de 2020 queda condicionada á previa adopción dun acordo expreso por parte da Xunta de Goberno Local e a dotación da consignación orzamentaria correspondente.

Notificar a resolución ao adxudicatario no prazo de dez días a partir da data.

A recepción da notificación do presente acordo fará as veces de documento contractual sen precisar formalización posterior consonte ao previsto na Lei de Contratos do Sector Público.

TOMA COÑECEMENTO DE EXPEDIENTE DE XERACION DE CREDITOS Nº 23/19.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación e toma coñecemento da aprobación con data 30.12.2019, do expediente de xeración de créditos nº23/19, de acordo co seguinte teor:

“XERACIÓN DE CRÉDITOS Nº23/19.-

“Esta Alcaldía presta aprobación o Expediente de xeración de créditos nº23/19, por importe de 79.999,98 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal”.

APROBACIÓN DE PROXECTO.

A xunta de goberno local , por unanimidade, presta aprobación ao proxecto de “ Reparación da Ponte Veronza en Ribadavia (Ourense)” de data marzo de 2019, redactado por E.I.C Durán S.L. ingeniería civil y arquitectura, promotor do proxecto Consellería de Cultura e Turismo, orzamento base de licitación 99.850 euros

Dase conta do Protocolo de colaboración entre a Deputación provincial de Ourense e o concello de Ribadavia para o financiamento e execución das obras necesarias para a reparación da Ponte Medieval da Veronza (Ribadavia) de data 3 de xaneiro de 2019

6.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo.-

E sendo as doce horas e vinte minutos da maña, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente acta, do cal, coma Secretario, certifico.